

## **ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)**

LUGAR: Restaurante Espazo Cultural A Nave de Vidán

DATA: sábado, 3 de marzo

HORA DE COMEZO: 11.00 h

HORA DE REMATE: 14.30 h

NÚM. DE ASISTENTES: 16 persoas

### **ORDE DO DÍA**

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Elección de nova Xunta Directiva
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior**

A secretaria, Rosa Moreiras, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2017 (**Anexo 1**: <https://i.gal/R2IG7>) e esta apróbbase por unanimidade.

#### **2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas**

David Cobas explica que durante o período interasemblemario 2017-2018 se rexistrou a solicitude de alta de 5 persoas. Neste mesmo período rexistráronse 8 baixas.

O número de socios/as da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), en febreiro de 2018, é de 178 persoas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva (**Anexo 2**).

### **3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión**

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período interassemblear 2017-2018 (**Anexo 3**: <https://i.gal/s2BWi>).

Indica que a actividade da CTNL neste período se rexeu polas liñas de acción aprobadas por unanimidade na Asemblea Xeral Ordinaria da coordinadora de 2017, que tivo lugar o 11 de febreiro en Santiago de Compostela.

O plan de acción aprobado era ambicioso e, aínda que non se cumpriu na súa totalidade, desde a Xunta Directiva faise unha valoración aceptable do nivel de cumprimento e dos obxectivos acadados.

En definitiva, desenvolveuse unha acción satisfactoria para, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Ábrese unha quenda de intervencións para comentar canto fose preciso da memoria presentada.

Vótase o informe de xestión e apróbase por unanimidade.

### **4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas**

David Cobas expón o informe económico do período comprendido entre 21 de xaneiro de 2017 e o 28 de febreiro de 2017 (**Anexo 4**) e ábrese unha quenda de intervencións.

Desde a tesouraría coméntanse os principais aspectos do informe económico e indícase tamén que a diferenza de 1022,06 euros entre gastos e ingresos neste exercicio débese a que, tal como se acordara en asembleas anteriores, se investiu en normalización



lingüística unha parte do superávit que ten a coordinadora.

Así mesmo, Anxos Sobriño indica que na conta da CTNL hai 2369,50 euros que corresponden ao Premio Rosalía de Castro 2017 para o proxecto Apego e que, por tanto, se investirán en actividades deste programa de acordo co que decidan os/as técnicos/as de normalización lingüística que o desenvolven.

A seguir vótase a aprobación do informe de contas de 2017 (desde o 21/01/2017 ao 28/02/2018) e apróbbase por unanimidade.

## 5. Elección de nova Xunta Directiva

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta a única candidatura á Xunta Directiva, que é a seguinte (**Anexo 5:** <https://i.gal/AmQUY>)

Presidenta: Anxos Sobriño Pérez  
Secretaria: Silvia Muíño Naveira  
Tesoureiro: David Cobas Medín  
Vogais: María Adela Pita Permuy  
Estela Suárez Recouso  
Mónica Fernández Valencia  
Xesús M. Mosquera Carregal  
Tono Formoso Lado  
Socorro García Conde

Logo da presentación da candidatura, esta vótase e aprobase por unanimidade.

## 6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción para o período interasemblea 2018-2019 (**Anexo 6:** <https://i.gal/kAvcz>). A seguir ábrese un debate, no que se matizan, comentan ou aclaran algunhas das accións propostas.

Dentro das "accións para unha mellor e maior implicación das administracións públicas no proceso de NL" acordouse falar cos grupos parlamentarios sobre a recentralización de servizos: BDNS e outras.

Nel Vidal propuxo estudar como aproveitar a rede social do Gústame o galego.

Tamén se acordou crear un premio a accións de normalización lingüística para visibilizar boas prácticas de normalización lingüística.



**ctnl**  
Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización  
da Lingua (CTNL)  
CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tño.: 629 571 950  
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Finalmente, acordouse deixar de desenvolver a campaña "Que se vexa o galego!", pois estaban participando sempre as mesmas persoas nas diferentes edicións.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbase por unanimidade o plan de acción para o período interassemblear 2018 -2019 coas modificacións propostas.

## **7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio**

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2018 (**Anexo 7**), unha previsións que continúan na mesma liña que a de anos anteriores, e nas que se prevé seguir investindo en actividades de normalización lingüística parte do do superávit que ten a coordinadora.

Vótanse as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade de toda a asemblea.

## **8. Rolda aberta de intervencións**

Ábrese unha rolda aberta de intervencións e toman a palabra diversos asistentes que comentan a necesidade de lle trasladar ás deputacións de Lugo e Ourense as iniciativas que se levan a cabo na Coruña e en Pontevedra, e que se lle propoñan liñas claras de traballo. Así mesmo, indican que se deben valorar máis opcións de espazos e cidades en vindeiras programacións do LGX15.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea ordinaria e eu levanto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

Silvia Muíño Naveira

Anxos Sobriño Pérez

## **LISTAXE DE ANEXOS**

**ANEXO 1:** Acta da asemblea ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2017

**ANEXO 2:** Informe de altas e baixas de socios/as na Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) durante o período interasemblembr 2017-2018

**ANEXO 3:** Informe - memoria de xestión da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) do período interasemblembr 2017-2018

**ANEXO 4:** Informe económico da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2017 (desde o 21/01/2017 ao 28/02/2018)

**ANEXO 5:** Candidatura á Xunta Directiva da CTNL 2018-2020

**ANEXO 6:** Propostas de acción da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para o período interasemblembr 2017-2018

**ANEXO 7:** Previsións orzamentarias da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para 2018